

Ata tres poetas levan a Barreiros a súa obra con actos para todos

► O goberno local prepara actividades virtuais que van servir de pasatempo e tamén para descubrir cousas do concello con ocasión do Día das Letras

Barreiros

DELEGACIÓN

BARREIROS. O goberno municipal de Barreiros prepara unha serie de actividades con ocasión do Día das Letras que, entre outras propostas, achegarán ao concello a tres figuras da poesía galega contemporánea como son Olalla Cociña, Daniel Irimia ou Paula dos Anjos. Todos se achegarán ao centro sociocultural para participar nun recital poético e musical denominado xenericamente 'Versos na Baixamar' que por fin se poderá celebrar despois de quedar adiado en outubro pasado por mor da pandemia.

O concelleiro de dinamización de Barreiros, o nacionalista Daniel García, foi o encargado de presentar as actividades, acompañado do poeta Lois Pérez. Son actos que se prolongarán todo o mes de maio e nos que el lembra que xuntan unha serie de voces poéticas que destacan «pola frescura e a calidade da súa poesía, completando así unha xornada adicada á figura e á obra dunha das autoras fundamentais da nosa lingua e a nosa cultura».

A intervención de Olalla Cociña, Paula dos Anjos e Daniel Irimia será a protagonista dunha tarde de música e versos que terá lugar o mesmo día 17 ás seis da



Lois Pérez (esquerda) e o concelleiro Daniel García. EP

tarde conducida polo narrador oral e tamén poeta Lois Pérez.

OUTRAS PROPOSTAS. Ademais dese recital, a autora Andrea Barreira impartirá o vindeiro luns nos centros escolares de San Cosme e San Miguel o obradoiro 'Cada día, a familia' no que a través da figura e da obra de Xela Arias, á que se adica esta xornada conmemorativa este ano, as crianzas reflexionarán sobre as familias e a súa diversidade.

«Ademais destas actividades

presenciais, nos vindeiros días presentaranse unha serie de actividades virtuais nas que tanto crianzas como maiores poderán participar e que queremos que sirvan de pasatempo á vez que nos axuden a descubrir cousas tanto do noso concello coma das Letras Galegas», sinalou o concelleiro Daniel García.

Doutra banda, onte pechouse o prazo para participar nos concursos de narración e debuxo e para concorrer ao certame que organiza a Biblioteca Provincial.